




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría da Coruña. Concello: Oleiros. Parroquia: San Xán de Serantes.
Extensión: 0,61km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequena cala situada nun sector cantil, neste caso cantís moi inestables, de parede vertical e con plataforma rochosa e praia ao pé. As vertentes forman unha pequena conca con pendentes suaves ou moderadas. Inclúe o EIX Xeomorfoloxía estrutural da Costa de Dexo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistosos e cuarxosistosos, de idade precámbrico-silúrica. No noroeste da unidade aparece unha banda de anfíbolitas antehercínicas. O centro e centro-este da unidade está atravesado por dúas bandas de xistos filíticos en sentido case meridiano.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións hai que falar de valores acumulados entre 1000mm e 1200mm ao ano.

OS SOLOS

A unidade presenta cambisois eútricos en toda a súa extensión.


AS AUGAS

Pequena enseada de escasa prolongación continental e sen rede fluvial relevante que verte á masa de Augas Costeiras 20097 ao redor da praia de Canaval.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade incluída no Monumento Natural Costa de Dexo. Costa mixta con cantís e praia ao pé. Aparecen o hábitat 1230 de cantís atlánticos e tamén, por intermareal sensible, o 1140 de chairas lamacentos e / ou areosos intermareais. Zona de claro abandono agrario e presión urbanística, non existen hábitats de interior de interese. Algunha masa de recolonización ábrese paso nos prados abandonados da parte sur da unidade.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A pesar de tratarse dunha unidade que soporta unha actividade humana relativamente intensa, boa parte da súa superficie está ocupada por vexetacións costeiras de matogueiras, relacionadas coas formacións costeiras de cantís. Existen, sobre todo no terzo norte, explotacións forestais de repoboación, pero que recentemente viron interrompida a súa continuidade pola irrupción de novos usos residenciais e edificatorios. A única superficie que aínda se consagra ao cultivo é a que está cara ao interior da unidade, no extremo oriental, e presenta aínda unha considerable continuidade.

MORFOLOXÍA

Nesta unidade paisaxística non hai ningún asentamento de orixe tradicional. A presión edificatoria en torno ao núcleo urbano de Mera, que se sitúa na unidade limítrofe cara ao sur, propiciou que novas edificacións que prolongan o casarío de Xoez ocupen a parte meridional do ámbito, apoiándose na vía existente que leva á costa. Estas construcións responden a tipoloxías de residencia unifamiliar illada desvinculada dos labores agrícolas. Na contorna da Praia de Canaval leváronse a cabo varias intervencións edificatorias, destacando polo seu tamaño e natureza o Complexo Deportivo Canaval (escola de tenis) e unha urbanización situada entre a masa boscosa de repoboación que cobre a ladeira de Monte Grande.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A única vía de certa entidade que percorre o ámbito, en dirección norte-sur, vén desde Mera até a enseada de Canaval, e aínda que orixinariamente continuaba ao longo da costa norte da enseada, na actualidade remata no complexo deportivo antes mencionado. O resto de vías que se atopan no territorio, a maioría sensiblemente paralelas á liña de costa, son antigas pistas de acceso ás parcelas de cultivo que agora garanten a accesibilidade a todo o territorio sen producir impactos ou alteracións importantes na súa estrutura.

PATRIMONIO HISTÓRICO

A costa de Dexo é unha área na que son numerosos os depósitos arqueolóxicos. Nesta unidade, o Castro de Subiña e o de Xoez (actualmente desaparecido) delimitan o ámbito polo nordés e polo sur respectivamente. Á parte destes depósitos arqueolóxicos, non existen elementos de patrimonio cultural catalogados.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A Enseada do Canaval é unha de catro unidades nas que se divide o límite setentrional da gran península que forma o Concello de Oleiros (as unidades 125_Punta Torrella, 126_Costa de Dexo, 127_Enseada de Canaval e 128_Puntas de Mera e Meán), consideradas no seu conxunto á hora de analizar os seus valores paisaxísticos. Caracterízanse por formar unha sucesión de cantís costeiros con enseadas e estuarios e pequenos illotes, cunha liña de costa moi recortada e trala que se atopa unha superficie continental de pouco desenvolvemento. Trátase en xeral dun ámbito con moi poucas intervencións antrópicas cun grao moi alto de conservación da estrutura orixinal do territorio. A presente unidade caracterízase polos fortes condicionantes que xeran as súas características xeográficas, xa que todo o ámbito organizase ao redor da enseada, de boca estreita e moi refuxiada, cando as demais unidades analizadas conxuntamente son fundamentalmente fronteas lineais, abertas ao mar. Neste caso, ademais, o territorio presenta unha maior fragmentación nos usos, froito de diferentes intervencións antrópicas recentes, máis numerosas e agresivas que nos outros ámbitos.

DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán (o que se pode clasificar como conxunto da Costa de Dexo) sufriron unha evolución paralela da súa paisaxe, xa que seguiron as mesmas dinámicas de ocupación e as mesmas modificacións do sistema de organización do territorio. Se antes se trataba dunha contorna fortemente traballada, cunha actividade agrícola máis ou menos intensa pero que chegaba case até a liña litoral, na actualidade boa parte destas parcelas agrarias abandonáronse, sendo cubertas por bosques de repoboación ou vexetación costeira de matogueira. Con todo, nesta unidade aparecen fenómenos de urbanización que non se dan nas demais, debido á súa posición máis próxima ao núcleo de Mera, que exerce a súa influencia edificatoria. Levan a cabo intervencións (residenciais, de servizos) que responden ás necesidades deste asentamento veciño e non ás propias lóxicas do territorio do ámbito.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto paisaxístico que conforma a Costa de Dexo (as unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán) é unha contorna de especial valor ambiental e ecolóxico, recoñecida como tal mediante a clasificación como Lugar de Interese Comunitario Costa de Dexo, ademais de ser un espazo de interese Xeomorfolóxico e declarado Monumento Natural no ano 2000. Un 27% da área está ocupada por hábitats naturais de interese comunitario, entre os que destaca avifauna propia de cantís mariños que xa non se atopa, co nivel de integridade que aparece aquí, en ningún lugar do Golfo Ártabro. Esta unidade apoia a súa especificidade na particular forma xeográfica que ten, a de enseada, que lle confire aínda se cabe maior valor dentro do conxunto. Tamén é destacable a ausencia de artificialidade actual da súa marxe meridional, que con todo mantén os restos da antiga estrutura parcelaria agrícola, a modo de pegada histórica. A mellor localización para abarcar a paisaxe desta unidade é, precisamente, sobre esta zona (a Punta de Meán)



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

1. No sur da unidade, a prolongación do armazón urbano de Mera pola zona de Xoez requiriría de actuacións orientadas a garantir unha adecuada transición entre as zonas residenciais e os espazos costeiros protexidos. 2. Urbanización illada inxerida na ladeira forestal do Monte Grande.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

- | |
|--|
|  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional |
|  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico |
|  Asentamento funcional / Asentamiento funcional |
|  Agregado urbano / Agregado urbano |
|  Nova agrupación / Nueva agrupación |
|  Outras edificacións / Otras edificaciones |

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

- | |
|---|
|  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural |
|  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima |
|  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico |
|  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico |
|  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia |
|  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos |
|  Puntos de observación / Puntos de observación |
|  Faros / Faros |





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

- | |
|---|
|  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico |
|  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón |
|  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico |
|  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera |

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

- | | |
|---|---|
|  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria |  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje |
|  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto |  Zona portuaria / Zona portuaria |
|  Ferrocarril / Ferrocarril |  AVE / AVE |
|  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías |  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas |
|  Outras estradas / Otras carreteras |  Pistas e camiños / Pistas y caminos |
|  EDAR / EDAR | |



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



